

19/07/2022

## IBERBIBLIOTECAS

---

Iberbibliotecas convoca o curso *Bibliotecas incluyentes: servizos bibliotecarios para poboacións en situación de vulnerabilidade*, que ten por obxectivo xerar e fortalecer as capacidades do persoal bibliotecario para deseñar e prestar servizos con enfoque de xénero e intercultural dirixidos a poboacións en situación de vulnerabilidade.

### Público

Persoal bibliotecario de bibliotecas públicas, populares e comunitarias das cidades e os países membro de Iberbibliotecas: Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Ecuador, O Salvador, España, México, Panamá, Paraguai, Perú, e as cidades de Medellín e Quito.

### Metodoloxía

O curso está dividido en seis módulos. Cada un deles contén tres unidades temáticas nas que se propón unha guía para o achegamento a conceptos e ferramentas sobre un tema determinado:

Módulo 1. Posibilidades da biblioteca pública para deseñar servizos orientados ás poboacións en situación de vulnerabilidade.

Módulo 2. Claves para o deseño de proxectos bibliotecarios para poboacións en situación de vulnerabilidade.

Módulo 3. As bibliotecas públicas como espazos de inclusión para poboacións migrantes.

Módulo 4. Diferentes e diversos: servizos bibliotecarios públicos con enfoque intercultural.

Módulo 5. O enfoque de xénero nos servizos bibliotecarios públicos.

Módulo 6. A biblioteca multicolor: as identidades e diversidade sexuais nos servizos bibliotecarios.

### Inscricións

Do 15/07/2022 ao 24/07/2022, cubrindo o seguinte formulario:

<https://www.iberbibliotecas.org/inscripcioncursovirtualbibliotecasincluyentes/>

Publicación de seleccionados

17/08/2022

Inicio do curso

22/08/2022

Resolución de dúbidas e envío de consultas

[iberbibliotecas.esp@cultura.gob.es](mailto:iberbibliotecas.esp@cultura.gob.es)

Máis información na ligazón situada ao final desta páxina.



## DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Bibliotecas incluyentes: servicios bibliotecarios para poblaciones en situación de vulnerabilidad

---

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/avisos/iberbibliotecas-4>